

Fénix Directo

Nota informativa previa para os seguros Fénix Moto

www.fenixdirecto.com**Asegurador e distribuidor**

FÉNIX DIRECTO, Compañía de Seguros y Reaseguros, S. A. con domicilio social en C/ Ramírez de Arellano, 35, 28043 Madrid, NIF A-80029150. Entidade española sometida á regulación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, inscrita no Rexistro de Entidades Aseguradoras co número C0706. É unha entidade española. Así mesmo, non ofrece asesoramento con relación a este produto comercializado e actúa por conta e en nome da entidade aseguradora. Por último, este distribuidor percibe un salario fixo e pode recibir un variable pola distribución deste seguro.

Prezo

XXX€

Este importe foi determinado con base nos datos facilitados polo cliente, conforme as tarifas vixentes no día da súa confección, e está condicionado a que todos os datos indicados se manteñan e sexan contrastados pola empresa e, polo tanto, non é vinculante para esta.

Período para o cal é válida esta información

Esta información só é válida se contratas agora o teu seguro

Dereito de desistencia

No caso de que o contrato de seguro fose subscrito a distancia, e ao se tratar dun seguro obrigatorio, o Tomador non ten dereito de desistencia.

Lingua(s) en que se presenta a información

Esta información está á disposición en castelán e en calquera lingua cooficial.

Lexislación aplicable e foro onde acudir en caso de conflito**Lexislación aplicable e foro onde acudir en caso de conflito.**

Esta póliza de seguro está sometida á Lei 50/1980, do contrato de seguro, á Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenamento, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, ao Real Decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenamento, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no relativo ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos devanditos datos, ao Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, á Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores, á normativa de distribución de seguros privados e adaptacións da mesma que se produzan e ás súas disposicións regulamentarias, ben como calquera outra lexislación que lle for de aplicación durante a súa vixencia.

Foro: Domicilio do asegurado

FÉNIX DIRECTO

Instancias de reclamación

Departamento de Defensa do Cliente:

Para calquera queixa ou reclamación sobre os seus dereitos e intereses legalmente recoñecidos pode dirixirse á empresa, de conformidade coa Orde ECO 734/2004, do 11 de marzo, dos departamentos e servizos de atención ao cliente e ao defensor do cliente das entidades financeiras, a través das seguintes vías: C/ Ramírez de Arellano, 35, 28043 Madrid - Apartado de correos n.º 38, 08080 de Barcelona / correo electrónico: ddc@allianz.es / <https://www.fenixdirecto.com/> / Fax 93 228 85 53, así como en calquera oficina da empresa aberta ao público.

De conformidade co regulamento que se encontra á súa disposición na páxina web e nas oficinas da empresa abertas ao público, a queixa ou reclamación será resolvida nun prazo máximo dun mes, contado a partir da data en que se presente perante o Departamento de Defensa do Cliente.

Se se denegar a admisión da queixa ou reclamación, ou desestimar a súa petición, total ou parcialmente, ou unha vez transcorrido o prazo de dous meses desde a data da súa presentación no Departamento de Defensa do Cliente, sen que se resolverse, poderá presentar a súa queixa ou reclamación no Servizo de Reclamacións da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións en Paseo de la Castellana número 44, 28046 Madrid.

Esixencias e necesidades do cliente

Analizada a información que con carácter previo á contratación o cliente proporcionou, o axente de seguros pon de manifesto que este produto cobre as súas esixencias e necesidades.

Esta promoción só é válida se contratas agora o teu seguro.

Para consultar o Informe sobre a situación financeira e de solvencia: <https://www.fenixdirecto.com/es/fenix-directo/quienes-somos>

Este documento non ten validez contractual, emítese unicamente para os efectos de cumprir cos requirimentos de información previa para a protección ao Asegurado. Por iso, o prezo definitivo da prima será o que se establecer unha vez efectuadas as comprobacións pertinentes.

O cliente potencial acepta que a información xeral previa á contratación do seguro se facilite a través do sitio web que se detalla a continuación: <https://www.fenixdirecto.com/es/area-clientes-fenix-directo/ecliente>. La empresa garante que esta información constará neste sitio web durante o prazo dun ano.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable: FÉNIX DIRECTO, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.

Finalidade: Contractación, mantemento, desenvolvemento e control do seguro.

Lexitimación: Execución dun contrato.

Destinatarios: Cesión a terceiros colaboradores da compañía e ficheiros comúns do sector asegurador.

Transferencias internacionais intragrupo.

Dereitos: Acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos datos; limitación ou oposición ao seu tratamento, de acordo coas indicacións contidas na información adicional.

Procedencia: O interesado.

Información adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na páxina web: <https://www.fenixdirecto.com/es/proteccion-de-datos>

